



VIII CERTAME DE MICRORRELATOS CONVOCADO POR PUNTOGAL E A REAL ACADEMIA GALEGA

DOMINIO PUNTOGAL e A REAL ACADEMIA GALEGA organizan conxuntamente un concurso de microrrelatos que ten como obxectivo reforzar a presenza da lingua e da identidade propias no mundo dixital.

BASES

1. Participación

- a) Poderán concursar todas as persoas que o desexen.
- b) As persoas menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

2. Sobre os textos/microrrelatos

- a) Os relatos deberán estar escritos en lingua galega
- b) Os relatos deben ser de autoría orixinal do participante que os presenta.
- c) O tema dos microrrelatos é libre.
- d) Cada participante poderá presentar un máximo de dous microrrelatos.
- e) As obras terán unha extensión máxima de 200 palabras (título incluído)

3. Normas sobre o envío de textos

- a) Os microrrelatos presentarase no sitio web relatos.gal
- b) No caso de que a persoa concursante sexa menor de idade, deberase incluír a autorización do pai/nai ou titor/a legal no apartado específico.
- c) Os relatos recibidos sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente eliminados do concurso.

4. Período de presentación

O prazo para a presentación de textos estará aberto desde as 00:01 horas do sábado 1 de febreiro ata as 23:59 horas do venres 28 de febreiro de 2025.

5. Categorías

Establécense tres categorías:

Infantil: ata 11 anos (con data de 28 de febreiro de 2025)

Xuvenil: de 12 a 17 anos (con data de 28 de febreiro de 2025)

Adultos/as: de 18 anos en adiante (con data de 28 de febreiro de 2025)



6. Premios

a) Distribuiranse tres premios por cada unha das categorías.

Infantil

- Primeiro premio: un kindle a cor ou modelo similar e un lote de libros infantís.
- Segundo premio: un kindle ou modelo similar e un lote de libros infantís.
- Terceiro premio: un lote de libros infantís.

Xuvenil

- Primeiro premio: un kindle a cor ou modelo similar e un lote de libros xuvenís e un dominio gratuíto .gal durante un ano.
- Segundo premio: un kindle ou modelo similar, un lote de libros xuvenís e un dominio gratuíto .gal durante un ano.
- Terceiro premio: un lote de libros.

Persoas adultas

- Primeiro premio: un MacBook Air, un lote de libros da Real Academia Galega, un dominio gratuíto .gal durante un ano e unha subscrición anual dixital á revista *Luzes*.
- Segundo premio: un kindle ou modelo similar, un lote de libros da Real Academia Galega, un dominio gratuíto .gal durante un ano e unha subscrición anual dixital á revista *Luzes*.
- Terceiro premio: un lote de libros da Real Academia Galega e unha subscrición anual dixital á revista *Luzes*.

b) O dominio gratuíto entregárase cun código que se poderá permutar nun rexistrador indicado por PuntoGal. No caso de menores de idade o dominio será rexistrado polo pai, nai ou titora legal.

c) A organización reserva o dereito a cambiar o premio da promoción por outro de igual ou superior valor cando concorra causa xustificada. Non se poderá substituír o premio polo seu valor económico nin cederse a outra persoa distinta da gañadora.

7. Xurado

a) Haberá dous xurados, un para a categoría de infantil e a categoría xuvenil e outro para a categoría de adultos. Estarán formados por membros da



Real Academia Galega, de PuntoGal e do comité de redacción da revista *Luzes*. Informarase da súa composición no sitio www.relatos.gal.

- b) Cada xurado terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable. Poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera.
- c) Os xurados reservan para si os dereitos a non admitir aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.

8. Comunicación do resultado do certame

- a) A decisión do xurado darase a coñecer a través das páxinas web das entidades convocantes, www.academia.gal e www.asociacion.gal, as súas redes sociais e no sitio www.relatos.gal.
- b) As entidades organizadoras farán entrega dos premios nun acto presencial. As persoas premiadas deberán facilitar previamente unha copia do seu DNI para verificar os datos.

9. Publicación

- a) A organización do certame publicará os microrrelatos gañadores nas súas páxinas webs, en www.relatos.gal e a través das redes sociais. Igualmente, a revista *Luzes* publicará os relatos gañadores e unha escolma doutros textos presentados ao concurso.
- b) Coa participación no certame, os/as autores/as autorizan a organización do certame, sen contraprestación ningunha e de maneira expresa, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) os seus microrrelatos en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e no prazo que autorice a lexislación vixente. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.

10. Tratamento de datos persoais

En cumprimento do previsto na Lei Orgánica 3/2018, e na normativa europea, os datos das persoas participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade de PuntoGal e a Real Academia Galega, en relación co art. 6.1. f) do RGPD, e de acordo co disposto no artigo 22.1 da LSSI coa única finalidade



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras.

En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico info@dominio.gal ou á Dirección Xeral PuntoGal, rúa Mestranza 9, 15001.

PuntoGal e a Real Academia Galega comprométense a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

11. Observacións

- a) A organización do certame ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro sendo a súa decisión inapelable.
- b) O feito de participar neste certame implica a total aceptación das súas bases.